

LICENZAS
CREATIVE COMMONS

QUE É UNHA LICENZA CREATIVE COMMONS?

As licenzas **Creative Commons** ofrecen a todos, dende creadores individuais ata grandes institucións, unha **forma estandarizada de outorgar ao público permiso para empregar o teu traballo creativo** baixo a lei de dereitos de autor.

Dende a **perspectiva do reempregador**, a presenza dunha licencia Creative Commons nunha obra protexida por dereitos de autor responde á pregunta:


"Que podo facer con esta obra?"

CANTOS TIPOS DE LICENZAS CC HAI?

Hai **6 tipos** diferentes. Enumerarémolas dende a máis á menos permisiva:

CC BY: Esta licenza permite aos reempregadores distribuír, remesturar, adaptar e construír sobre o material en calquera medio ou formato, sempre que se lle dea a atribución ao creador. A licenza permite o uso comercial.


Inclúe os seguintes elementos:  débese dar crédito ao creador.



CANTOS TIPOS DE LICENZAS CC HAI?

CC BY-SA: Esta licenza permite aos reempregadores distribuír, remesturar, adaptar e construír sobre o material en calquera medio ou formato, sempre que se lle dea a atribución ao creador. A licenza permite o uso comercial. Se remestura, adapta ou constrúe sobre o material, debe licenciar o material modificado en termos idénticos.


Inclúe os seguintes elementos: ⓘ débese dar crédito ao creador, Ⓢ as adaptacións deben compartirse nos mesmos termos.



CANTOS TIPOS DE LICENZAS CC HAI?

CC BY-NC: Esta licenza permite aos reempregadores distribuír, remesturar, adaptar e construír sobre o material en calquera medio ou formato, só con fins non comerciais sempre que se lle dea a atribución ao creador.


Inclúe os seguintes elementos:  débese dar crédito ao creador,  só se permiten usos non comerciais da obra.



CANTOS TIPOS DE LICENZAS CC HAI?



CC BY-NC-SA: Esta licenza permite aos reempregadores distribuír, remesturar, adaptar e construír sobre o material en calquera medio ou formato, só con fins non comerciais sempre que se lle dea a atribución ao creador. Se remestura, adapta o constrúe sobre o material, debe licenciar o material modificado baixo termos idénticos.


Inclúe os seguintes elementos:  débese dar crédito ao creador,  só se permiten usos non comerciais da obra,  compartir igual.



CANTOS TIPOS DE LICENZAS CC HAI?




CC BY-ND: Esta licenza permite aos reempregadores copiar e distribuír o material en calquera medio ou formato, só en forma non adaptada e sempre que se lle dea a atribución ao creador. Permite o uso comercial.


Inclúe os seguintes elementos:  débese dar crédito ao creador,  non se permiten derivados ou adaptacións da obra.



CANTOS TIPOS DE LICENZAS CC HAI?

CC BY-NC-ND: Esta licenza permite aos reempregadores copiar e distribuír o material en calquera medio ou formato, só con fins non comerciais e sempre que se lle dea a atribución ao creador.


Inclúe os seguintes elementos:  débese dar crédito ao creador,  só se permiten usos non comerciais da obra,  non se permiten derivados ou adaptacións da obra.



COMO LICENCIAR UNHA OBRA?

Podes dirixirte á páxina <https://creativecommons.org> e procurar os logotipos correspondentes á licenza que queres outorgar á túa obra.

A imaxe pode ir acompañado dun texto destas características:



Creado por **NOME DO AUTOR** baixo a [*Licenza Internacional Atribución-Non Comercial-Non Derivadas 4.0 de Creative Commons](#).

*Esta parte do texto cambiará en función do tipo de licenza que escollamos.

Información obtida da páxina web da organización internacional sen ánimo de lucro <https://creativecommons.org/>



Creado por Rafael Sánchez-Agustino Rodríguez baixo a [Licenza Internacional Atribución-Non Comercial-Compartir Igual 4.0 de Creative Commons](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/).